

**PROXECTO: As emocións.**

**Emoción: SORPRESA.**

E. Artística (plástica) : 3ª sesión

Profesor: Jose



**SORPRESA:** Number 48 (1949). **Jackson Pollock**  
(Estados Unidos de América). Expresionismo abstracto.

Seguimos a falar das emocións básicas, a **sorpresa**, é descrita como unha emoción neutra que se produce de xeito inmediato ante unha situación que percibimos como novedosa ou estraña. Agora que, así como se produce, tamén se vai.

Number 48. Jackson Pollock



OBSERVA A OBRA DE JACKSON POLLOCK, que ves?, que cores utilizou o artista? Que técnica che parece que usa? ...

Se queres saber máis sobre as obras de **Jackson Pollock** e o movemento do **expresionismo abstracto**, fai clic nos seguintes enlaces:

[https://youtu.be/e\\_fcxEb98BY](https://youtu.be/e_fcxEb98BY)

[https://youtu.be/EncR\\_T0faKM](https://youtu.be/EncR_T0faKM)

<https://youtu.be/c9OZB9NnWTA>

Agora que xa sabes moitas cousas sobre **JACKSON POLLOCK** e o **EXPRESIONISMO ABSTRACTO**. Pintar como o facía Pollock é unha actividade que seguro vos vai encantar. Como é lúdico e non presenta case ningunha restricción, o expresionismo abstracto favorece a expresión persoal e corporal, o xogo coas cores e os materiais nun momento de creación inolvidable.

- **TAREFA:** Mollamos un pincel nun bote de pintura líquida (témpera) e despois deixamos que os brazos se muevan por encima do soporte a pintar para que a pintura gotee e o recubra pouco a pouco. Podemos mover os brazos a máis ou menos velocidade e observamos o efecto que crea. Tamén podemos cambiar as cores, superpoñelos, etc.
- **Para variar**, tamén podemos dar os nenos/as ferramentas máis orixinais, como cepillos de dentes untados en pintura para frotalos co pulgar apuntando cara o papel e así salpicalo; cordóns ou herbas para mollalos na pintura e despois pasalos polo papel; ou verter a pintura na folla, etc. ¡Todo está permitido!

Para entender e comprender a **Pollock e a súa técnica do dripping (goteo)** nada mellor que crear os vosos Pollocks. Únicamente necesitaremos moitas ganas e:

- un papel ou tela, recomendable A3 ou máis grande
- botes de pintura de diversas cores
- brochas, pinceis, cepillos de dentes vellos, utensilios varios cos que extender a pintura, etc.
- *moi importante, roupa que non importe manchar.*

Xa veredes vaia SORPRESA!!!

Actividades plás.**TIC**.as. Se o desexas podes usar as **TIC (dixital)** para experimentar.

- <https://color-wander.surge.sh/>

Ofrece resultados diferentes cada vez que pulsamos o rato, cambiando tanto o fondo como as cores da tinta que se está mostrando.

AHHH! E como digo sempre, se o desexas enviame unha foto da túa OBRA ao meu email ([joseriveira@edu.xunta.gal](mailto:joseriveira@edu.xunta.gal)). Estarei encantando de recibila, porque sodes tod@s uns/unhas pequeartistas

**Unha aperta e ser felices.**

*Jose*

